





CEDEIRA DE SANTO ISIDRO Á PUNTA SARRIDAL

Adela Leiro, Mon Daporta
setembro 2018



Distancia: 3 km (lineal)+1,5 á punta Robaleira

Dificultade: baixa



Punta Robaleira e faro

A **ría de Cedeira** forma, entre a punta Robaleira e a punta Sarridal, un amplo seo no que se acolle a vila de Cedeira, a súa praia e o seu porto, un espazo para unha longa e fermosa camiñada, uns 4 km, 6 se incluímos achegarnos á punta Robaleira, que se doblan para volver ao punto de saída.

O traxecto á **punta Robaleira** é un camiño polo medio de árbores desde o que se ve pouco pero desde o faro hai unha fermosa vista do conxunto. A praia, unha ou tres separadas por regueiros, conserva parte do sistema dunar coa vexetación propia aínda que bastante estragada polo exceso de presión humana, pódese percorrer a todo o longo pola area ata a desembocadura do río **Condomiñas** e despois de cruzar a ponte continuamos pola beira da estrada ata o porto pasando ao pé do monumento á muller do pescador, onde a rocha que o soporta mostra uns fermosos pregues, e da **praia de Area Longa**. Do porto subimos ao castelo da Concepción, que acolle un centro de interpretación, desde alí ao aparcamento e desde el á **punta Sarridal**. Podemos subir ao **castelo da Concepción** e achegarnos ao miradoiro da **Punta Sarridal** e ao castro no que se aprecian os restos dun balneario castrexo.



Ría de Cedeira, entre as puntas Chirlateira e Sarridal



Rego das Veigas entre as praias de Santo Isidro e A Madalena



Praia da Madalena



Río Condomiñas e praia da Madalena



Praia de Arealonga e porto de Cedeira



Praia de Arealonga



Porto de Cedeira



Pregues nas rochas do porto de Cedeira



Castelo da Concepción na punta Sarridal



Punta Sarridal e porto de Cedeira



Punta Sarridal



Miradoiro na punta Sarridal



Faro na punta Sarridal



Punta Falcoeira desde a Punta Sarridal



Castro na punta Sarridal. Restos dun balneario castrexo



Praias de Santo Isidro e A Madalena, con Cedeira ao fondo